

PERMUTAS DOCENTES

INTERCAMBIOS de DESTINOS laborais DOCENTES

LEXISLACIÓN REFERIDA

RD 1364/2010, 29 de oct., Concursos de traslados docentes e outros procedementos de provisión de prazas

Dispos. Adicional 6ª (BOE 30/10/2010)

LEI 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia • Artigo 99 (DOGa 04/05/2015)ORDE do 17 xuño de 2017, Regulación os intercambios provisionais docente (DOGa 30/06/2017)ORDE do 4 de xullo de 2019, modificación da Orde do 17 de xuño de 2017 (DOGa 11/07/2019)

PERMUTAS PROVISIONAIS só dentro de GALICIA

SÓ por un **CURSO ESCOLAR**. **SÓ** para **INTERCAMBIOS** entre **prazas/destinos** docentes **dentro** da Com. Autónoma de **Galicia**. Intercambios entre **(2) dúas ou máis persoas docentes** (estando dacordo tódalas partes) Intercambios entre **calquera docente** con igual ou distinta **situación administrativa*** con destino para todo o curso escolar (*** persoal funcionario** definitivo, en expectativa ou en prácticas, **persoal interino** e **persoal substituto**) As prazas/destinos a permutar deben ser do **mesmo corpo, mesma especialidade** e **mesmo perfil lingüístico**. **Importante** • Prazas/Destinos con **Comisións de servizo NON** poden permutarse. **Prazos** de presentación de solicitudes ([enlace ao Procedemento ED002A](#) • Sede Electrónica)-> do **15 de xullo ao 31 de xullo** para Persoal Funcionario con destino definitivo (**ambos non** participantes obrigados no **CADP**)-> **10 días hábiles** dende a Resolución Definitiva de Adxudicación do **CADP** (algún d@s permutantes **participante no CADP**)-> **4 días hábiles** dende o **1 de setembro** (algún d@s permutantes **participante no CADP**)

PERMUTAS DEFINITIVAS dentro de GALICIA

 Intercambios entre **(2) dúas persoas docentes funcionarias de carreira** con **destino definitivo** As prazas a permutar deben ser do **mesmo corpo, mesma especialidade** e **mesmo perfil lingüístico** co **mesmo complemento retributivo**, e **contar** co **visto bo/informe/autorización** da **Dirección Xeral de CC e RRHH** (Consellería) Permutantes cun **mínimo de (5) cinco anos de servizos efectivos** como **persoal funcionario de carreira**. Ningunha das persoas permutantes **lle pode faltar menos de (5) cinco anos** para cumprir a **idade de xubilación forzosa**. Permutantes deberán **permanecer obrigadamente** no novo posto **un mínimo de (2) dous anos**, dende a concesión, para poder participar no **CXT** ou outros **Concursos de Traslados** ou **Concursos de Provisión** de postos de traballo. Permutantes **non poderán permutar** a outra no **prazo de (5) cinco anos** dende a concesión. **Prazos** de presentación de solicitudes ([enlace ao Procedemento PR004A](#) • Sede Electrónica)-> calquera momento **entre** a **Resolución Definitiva** de Adxudicación do **CXT** e a **Resolución Definitiva** de Adxudicación do **CADP**

PERMUTAS DEFINITIVAS fóra de GALICIA / Ámbito NACIONAL

 Intercambios entre **(2) dúas persoas docentes funcionarias de carreira** con polo menos durante **(2) dous anos** de servizos efectivos no actual **destino definitivo**. @s Permutantes teñen que ter un **número de anos de servizo** que **non difira** respectivamente entre si en **máis de (5) cinco**. As prazas a permutar deben ser do **mesmo corpo, mesma especialidade** e **mesmo perfil lingüístico** co **mesmo complemento retributivo** e con **idéntica forma de provisión**, e **contar** co **visto bo/informe/autorización simultáneo** das **Direccións Xerais de CC e RRHH** (das respectivas Consellerías/Consejerías de Educación das diferentes CCAA) Permutantes deberán **permanecer obrigadamente** no novo posto **un mínimo de (2) dous anos**, dende a concesión, para poder participar no **CXT** ou outros **Concursos de Traslados** ou **Concursos de Provisión** de postos de traballo. Ningunha das persoas permutantes **lle pode faltar menos de (10) dez anos** para cumprir a **idade de xubilación forzosa**. @s Permutantes **non poderán permutar** con outra praza no **prazo de (10) dez anos** dende a concesión. A Permuta **anularase/será deixadas sen efecto** se nos **(2) dous anos seguintes** á data en que teña lugar **prodúcese a excedencia ou xubilación voluntarias** dalgún d@s permutantes. **Prazos** de presentación de solicitudes ([enlace ao Procedemento en Galicia PR004A](#) • Sede Electrónica)-> calquera momento (**mínimo 2-3 meses**) previo a comezo de curso (con tempo suficiente para tramitación administrativa)Para calquera **dúbida, aclaración** ou **necesidade de axuda** na presentación das instancias...**Contáctanos!**

UGT Ensino SEMPRE CONTIGO!

*Contáctanos!*